

ARTIGO 6º. – LIQUIDACIÓN E INGRESO.

No momento de presentar a procedente solicitude de inscrición nas probas selectivas, os interesados deberán ingresar a cota que corresponda, de acordo co artigo 5º.

Non será tramitada ningunha solicitude de inscrición para participar nas probas selectivas que non tivera acreditado o pago da taxa.

ARTIGO 7º. – INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DAS CASAS DE CULTURA E CENTROS SOCIAIS DO CONCELLO DE CAMBADOS.**ARTIGO 1º. – NATUREZA E FUNDAMENTO.**

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación da Taxa pola utilización das instalacións das Casas de Cultura e Centros Sociais do Concello de Cambados.

ARTIGO 2º. – FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa, a utilización privativa ou aproveitamento especial das instalacións das Casas de Cultura ou Centros Sociais do Concello de Cambados co obxecto de celebración de cursos, conferencias ou outro tipo de actividades.

ARTIGO 3º. – SUXEITOS PASIVOS.

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria que se beneficien da utilización das instalacións en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo segundo.

ARTIGO 4º. – RESPONSABLES.

Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas as que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º. – COTA TRIBUTARIA.

A contía da taxa será a resultante da aplicación da tarifa de 21,15 €/hora.

ARTIGO 6º. – BENEFICIOS FISCAIS.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de Tratados ou Acordos Internacionais.

ARTIGO 7º. – DEVENGO.

O devengo da taxa prodúcese no momento de solicitala correspondente autorización.

*ARTIGO 8º. – XESTIÓN.*

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación. O suxeito pasivo deberá efectuar o ingreso correspondente no momento de presentala solicitude de autorización para que esta sexa admitida a trámite.

Na solicitude deberá constar como mínimo: datos identificativos completos, dirección, teléfono de contacto, locais que solicita, fin para o que se solicita, horas de utilización (día/semana/mes) e período de duración.

O ingreso da autoliquidación non causará dereito algún e non faculta ó interesado para realizar os aproveitamentos, que só poderán levarse a cabo cando o Concello conceda a autorización correspondente.

Unha vez tramitado o expediente, practicaranse os aboamentos ou esixiranse as diferenzas que procedan.

Autorizada a utilización ou aproveitamento, entenderase prorrogado automaticamente, ata que a baixa sexa solicitada polo interesado. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

Cando por causas non imputables ó suxeito pasivo a utilización non se leve finalmente a cabo, o Concello procederá a devolución da taxa correspondente.

O usuario deberá velar polo bo uso das instalacións, sendo responsable dos deterioros causados.

ARTIGO 9º. – INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR PRESTACIÓN DOS SERVIZOS
DE AXUDA NO FOGAR.***ARTIGO 1º. – FUNDAMENTO E CONCEPTO.*

De acordo co establecido polo artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese ó prezo público pola prestación do servizo municipal de axuda no fogar, a través do Servizo Social de Atención Primaria do Concello e consonte así mesmo co disposto no Regulamento do servizo municipal de axuda no fogar (SAF) deste Concello de Cambados.

ARTIGO 2º. – OBRIGADOS Ó PAGO.

Estarán obrigados ó pago do prezo público que se establece, aquelas persoas que soliciten a prestación do servizo de axuda no fogar, rexéndose a súa contía, polos baremos establecidos no anexo I do Regulamento regulador do servizo.

ARTIGO 3º. – CONTÍA.

1. Para a determinación do importe da prestación do SAF, establécese o prezo da hora na cantidade de 12,35 € (ive engadido).